

AZOS

BOLETÍN DA CIG-SAÚDE O SALNÉS. NÚMERO 1. VERÁN 2017

**DEFENDER OS NÓSOS
DEREITOS É DEFENDER
A SANIDADE PÚBLICA
GALEGA**



- A XEITO DE PRESENTACIÓN
- POR QUE A CIG? (OU COMO NON TODOS SON IGUAIS)
- OLLO COS PERMISOS POR HOSPITALIZACIÓN
- A LOITA DOS CELADORES
- PECHE DO MOSTRADOR DE URXENCIAS DO HOSPITAL XA!
- NIN UN EURO PARA SERVIZOS RELIXIOSOS NO SERGAS
- LINGUA E MÁIS

O SERGAS NON PODE LIMITAR OS DÍAS DE PERMISO POR HOSPITALIZACIÓN DUN FAMILIAR

Como ben sabedes, até agora o SERGAS limitaba os días de permiso por hospitalización dun familiar aos días de ingreso. Esta amputación da totalidade dos días de permiso foi levada aos xulgados pola CIG, en representación dunha afiliada cansa de ver reducidos os seus dereitos. Non só o xulgado nos deu a razón, senón que elevou o TSXG unha cuestión de ilegalidade no proceder do SERGAS. Pois ben, a sentenza do TSXG non pode ser máis diáfana:

«Fallamos que estimamos a cuestión de ilegalidade formulada polo xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña, e en consecuencia, declárase a ilegalidade e conseguinte nulidade da limitación do establecido na instrución do SERGAS.»

Lembrámosvos o que di o artigo 108 da Lei :

«1. Nos casos de falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, o persoal funcionario ten dereito a un permiso de tres días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de cinco días hábiles se se produce en distinta localidade.»

E estas son as novas instrucións do SERGAS, que se ve obrigado pola xustiza a modificar o que era a súa práctica:

«Criterio relativo ao permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar regulado no artigo 108 da Lei do emprego público de Galicia e no punto 5.1.5 do apartado de permisos e licencias do Acordo de concertación social.

En cumprimento da sentenza 701/2016, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia [...], procede modificar o criterio relativo a que os días de disfrute dos permisos citados no encabezamento se gradúen en función da duración do proceso asistencial que constitúe o feito causante de cada permiso.

De tal sorte que os referidos permisos concederanse polos días en cada caso previstos na lexislación aplicable (segundo o grao de parentesco do/a familiar e a localidade de referencia), sen limitar a duración do permiso ao tempo de hospitalización.»

Estamos diante doutra demostración de que a loita é o único camiño para a defensa dos nosos dereitos. Se ficarmos calados, seguirán a acabar coas nosas conquistas laborais.



A XEITO DE PRESENTACIÓN

Tes nas mans o primeiro número do novo boletín da CIG-Saúde do Salnés, **Azos**. O porqué deste nome faise evidente se ollarmos o dicionario. *Azo: forza de vontade para facer algo, alento, ánimo, coraxe, folgo.*

Seica non é a **forza** de vontade das persoas que traballamos no SERGAS a que fai posíbel que a sanidade pública galega se manteña en pé?

Seica non é con **coraxe** como uns traballadores totalmente desbordados poden sacar adiante este sistema sanitario?

Ou é que non fai falla **alento** para as traballadoras do SERGAS poderen contrarrestar a constante sabotaxe dunhas autoridades políticas obcegadas en depauperaren a sanidade pública galega con continuos recortes e procesos encubertos de privatizacións?

Acaso non teñen que facer gala de moito **ánimo** e **folgo** o conxunto dos traballadores ofrecer un servizo de calidade cando Galiza conta cun dos gastos públicos en sanidade máis baixos de Europa, cando temos a metade de camas por cada cen mil habitantes que a media europea, e todo isto cunha poboación moito máis envellecida?

Canto a nós, a CIG, podemosvos asegurar que tamén contamos coa forza de vontade, co alento, co ánimo, coa coraxe e cos folgos necesarios como para continuar a loita por unhas condicións dignas para o persoal do SERGAS. Porque sabemos que loitando

polos nosos dereitos como traballadores, estamos a loitar por unha sanidade pública galega de calidade.

Sabemos que a CIG é un sindicato que amola ás autoridades, porque a CIG non gusta de calar, de ollar para outro lado, de se limitar a pequenas melloras concretas. Somos conscientes de que a loita por unha mellor sanidade pública implica obrigatoriamente a loita por unha Galiza xusta e soberana. De nada vale pintar a fachada da casa esquecéndose de reparar uns cimentos inzados de fendas.

Non gustamos ás autoridades e por isto estas prefiren incentivar un tipo de sindicalismo que, vestido con novas roupaxes, retrotraéenos a ese “sindicalismo” amarelo tan do gusto do poder. Un sindicalismo que pinta a fachada mentres deixa que a case se veña abaixo. Un sindicalismo que se di “sen ideoloxía” (é posíbel non ter ideas?) mais na práctica navega vento en popa na ideoloxía dominante individualista e corporativista.

Malia todo, e para desgraza dos inimigos do público, a CIG continúa a medrar, cada día máis forte, disposta a usar toda a coraxe para a defensa dos traballadores da sanidade da área do Salnés e do conxunto das clases traballadoras galegas.



CIG, A NOSA FERRAMENTA

POR QUE A CIG?

(OU POR QUE NON TODOS OS SINDICATOS SON IGUAIS)

De verdade pensas que todos os sindicatos son iguais? A seguir, explicámosche por que a CIG non ten moito a ver co resto.



SINDICALISMO DE CLASE

Porque somos un sindicalismo de e para as clases traballadoras galegas. Nós non facemos chamamentos á “cidadanía”, concepto tendencioso que tenta agochar que a sociedade está dividida en clases que rivalizan entre elas.

SINDICALISMO PARA O CONXUNTO DAS CLASES TRABALLADORAS

Porque rexeitamos o sindicalismo corporativista, o exclusivo para unha determinada categoría, o “especializado”, por abocar á desunión das clases traballadoras e á nosa febleza, fortalecendo os que queren meter a sanidade pública nos seus petos a través das privatizacións.





SINDICALISMO NACIONALISTA

Porque as clases traballadoras galegas non teñen ningunha eiva ou tara que lles impida tomaren as súas propias decisións sen estaren ao mandato do que dispoñan na meseta. Porque Galiza é a nosa nación e sobre nós decidimos nós.

SINDICALISMO CON IDEAS POLÍTICAS

Porque o sindicalismo apolítico non existe, é imposíbel. Todos temos ideas políticas, uns expoñémolas á cara e outros mantéñenas ben agachadiñas. Uns aprendémolas de Marx ou Castelao, outros pode que do Gran Irmán ou o Hola, mais todos, todos, temos ideas políticas. E como as medidas de recortes e privatizacións son medidas políticas, tentar combatelas sen nos dotarmos dun enfoque político enfrontado á dereita é igual a querer adelgazar a base de puré de roxóns e fabada concentrada... unha quimera.



SINDICALISMO EN GALEGO



Porque o galego é a nosa lingua, a criada polos nosos devanceiros, a que resistiu a longa noite de pedra, a que queren matar os colonizados que nos gobernan. Porque pensar que é unha opción persoal libre optar por unha lingua ou outra nun país onde están presentes dúas linguas, unha propia e outra imposta, é ser moi inocente e descoñecer o que xa explicaron os sociolingüistas hai décadas. Vencermos a diglosia, combatermos os tópicos e evitarmos a desaparición da nosa maior riqueza como pobo.

**E ti, aínda coidas que todos os sindicatos son iguais?
Vai ser que non, abofé (e menos mal).**

MÁIS CELADORES SIGNIFICA MÁIS CALIDADE SANITARIA

Se no 2008, cando o Hospital pasou a formar parte do SERGAS, o cálculo sobre o número de celadores necesarios ascendía a 30, hoxe, case unha década máis tarde e despois de múltiples ampliacións dos servizos, apenas 25 celadores traballan neste hospital.

Como preguntan os propios celadores aos usuarios do hospital: Pode un hospital dar unha asistencia digna e de calidade con tres andares de hospitalización, quirófanos, partos, radioloxía e urxencias, con cinco celadores á tarde e tres á noite? Escusamos responder...

A loita que o colectivo de celadores do Hospital do Salnés están a levar a cabo polo aumento do seu número é unha loita vital para ofrecermos unha sanidade pública de calidade. Son os celadores os que conforman os piares de calquera hospital, os contrafortes en que se apoia unha sanidade eficiente e eficaz.

**DESDE A CIG APOIAMOS INCONDICIONALMENTE A REIVINDICACIÓN DE MÁIS
CELADORES PARA O HOSPITAL DO SALNÉS.
ESTA BATALLA TÉMOLA QUE GAÑAR!**

**RETRINCOS
DA LINGUA**



**Búscase
cafetería onde o
café con leite non
se converta en
café con leche.**

Grazas.

**Seica
pensas
que isto é
Garcia-city,
Garcia-grado
ou Villagarcía?
En inglés, en ruso
ou en castelán, isto é
VILAGARCÍA**

HOSPITAL: POLO PECHE DO MOSTRADOR DE URXENCIAS . NON MÁIS DEMORAS

Como polos asados no verán e como carambos de xeo no inverno, o persoal de Admisión de Urxencias do Hospital do Salnés padece os caprichos estéticos dunha dirección do SERGAS que, á hora de deseñar o novo mostrador de Urxencias, no último en que pensou foi nas necesidades dos que alí traballan.

Supoñemos que a idea era facer algo que lembrase un hotel, onde o usuario, esquecéndose por un momento da EPOC reagudizada ou dese pequeno ICTUS galopante, vivirá por uns segundos ese maravilloso momento de dar os datos en recepción para escomezar unhas maravillosas vacacións. Porque xa o dixera o anterior xerente, había que fuxir deses tétricos mostradores da época franquista onde o usuario se sentía amedrentado polo escenario... Así, de verdade, así o dixo.

E como durante eses cinco segundo que o usuario dá os datos, este non pode ficar cohibido por un satánico biombo de cristal (quen non tivo pesadelos con ataques de paneis de cristal?), o persoal atura durante 24 horas as inclemencias climáticas, as moitas duchas de gorentosas babas, o ruído intrínseco a calquera entrada de urxencias ou os riscos de departir con algún que outro socio fundador do club da loita.

Levamos tempo, moito, pedindo que pechen o mostrador. Cando semella que xa vai ser, sempre xorde algo que eiva o proxecto. Os prazos vanse adiando, se primeiro ía estar ao comezos de 2017, despois xa foi antes do verán e agora disque vai para setembro.

Se cando o SERGAS fai unhas novas instalacións tivese a intelixencia/deferencia de consultar o persoal sobre as necesidades, moitos cartos, moito malestar e moito tempo aforraríamos.

A ver se non hai máis demoras e o persoal de Admisión de Urxencias pode contar dunha vez cunha panel protector. Non é sen tempo.

CITAS: O ANALFABETO POLÍTICO, BERTOLT BRECHT



O peor analfabeto é o analfabeto político.

Non escoita, non fala, non participa dos acontecementos políticos.

Non sabe que o custo da vida, o prezo dos feixóns, do pan, da fariña, do aluguer, do calzado ou das medicinas, dependen das decisións políticas.

O analfabeto político é tan parvo que se xacta e enche o peito dicindo que odia a política.

Non sabe que da súa ignorancia política nace a prostituta, o menor abandonado, e o peor de todos os bandidos que é o político corrupto, mequetrefe e lacaios das empresas nacionais e multinacionais.

**98.172,66 € ORZAMENTADOS
EN GASTOS PARA PERSOAL
RELIXIOSO NA ÁREA DE
PONTEVEDRA EN 2017.**

**CON ESE DIÑEIRO CHEGABA
DE SOBRA PARA CONTRATAR
CINCO CELADORES...**

**NON AOS GASTOS
RELIXIOSOS NO SERGAS.**



Contacto: CIG.Salnes@sergas.es

Colaboracións, ideas, propostas: azos@cig-saude.info